

~~265~~ 267

Ano 1929 = Faltam los n.º 262 y 263

Ano 1930 " 268, 269, 271, 278

265 y 267 =

A ROSA TERRA

IDEARIUM
DAS

IRMANDADES
DA FALA



Ano XIII

N. 256

1.º de Xaneiro de 1929

CAMILLO DIAS

NÓS, Publicacións Galegas e Imprenta Real 36-1.º A Cruña.

Si ainda non ten as nosas producións pídaas axiña
e contribuirá ô rexurdir cultural de Galicia.

LISTA DAS OBRAS

ESTEBO, por Xosé Lesta Meis.	3'50 pesetas.
HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA, por Ramón Villar Ponte.	5'00 "
GRABADOS EN LINOLEUM, por Xaime Prada.	2'50 "
A TOLA DE SOBRÁN, por Farruco Porto Rey.	0'80 "
TRÍPTICO TEATRAL, por Antón Villar Ponte.	3'00 "
A FIESTRA VALDEIRA, por Rafael Dieste.	2'50 "
DOCTRINA NAZONALISTA, por Ramón Villar Ponte.	2'50 "
OS CAMIÑOS DA VIDA (novela en tres partes), por Ramón Otero Pedrayo.	
OS SEÑORES DA TERRA (1.ª parte).	2'50 "
A MAORAZGA (2.ª parte).	2'00 "
O ESTUDANTE (3.ª parte).	2'50 "
DE CATRO A CATRO, poemas por Manuel Antón.	1'50 "
O PORCO DE PÉ, novela por Vicente Risco.	3'00 "
MARÍA ROSA, comedia por Gonzalo López Abente.	1'20 "
CANTIGAS E VERBAS AO AR, poesías de Sigüenza.	2'00 "
DE MIN PRA VÓS, contos populares por Ricardo Carballal.	1'00 "
O BUFÓN D'EL REI, drama por Vicente Risco.	0'80 "
O GALO, poesías de Amado Carballo.	3'00 "

<p>EFEKTOS NAVALES</p> <p>de</p> <p>FERRER E COMPAÑÍA - SUCESTORES</p> <p>F. Bertrán e Mirambell</p> <p>VIGO E A CRUÑA</p> <p>(CASA FUNDADA EN 1868)</p> <p><i>Artigos xenerás para equipo da Mariña militar vapores, barcos de vela e pescadores.</i></p>	<p>Grandes Almacenes de Tecidos</p> <p>NUEVO MUNDO</p> <p>SECCIÓN DE SASTRERÍA E CONFECIONS</p> <hr style="width: 20%; margin: auto;"/> <p>INMENSO SURTIDO EN PANOS DA REXIÓN E EX- TRANXEIROS CONFECIÓNANSE TODA GRAS DE PRENDAS PARA MULLERES; HOMES E NENOS</p> <p>San Andrés, 41 e 43 -- Teléfono 256</p> <p>A CRUÑA</p>
---	--

FILLOS DE H. HERVADA

(CASA FUNDADA EN 1865)

A CRUÑA

FERRETEIRIA, QUINCALLA, MUEBLES, MAQUINAS, PEDRAS FRANCESAS PARA MUIÑOS ETC. ETC.

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

Redacción e Administración

Rúa Real, 36 - 1º

A CRUÑA

Precios de Suscripción

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, un ano
6 pesetas. América, un ano 8 pesetas.

PAGOS ADIANTADOS

ANO XIII



1.º de Xaneiro do 1929



Núm. 256

AO DECORREL-OS DIAS

A prensa de Galicia anda a falar moito, quizais demasiado, do turismo. Intréanos a custión e temos que aportar ao tema o noso parecer. Dende logo paréenos ben que se fomenta a atraición do turismo a Galicia e que as nosas entidades oficiás destinen cartos a ese fin. Hai que facer hoteles, arranxar camiños, gastar en propaganda, facer moitas cousas que seguramente precisarán de maiores cantidades que as que hasta agora hai destinadas. Pero antes d'eso paréenos que hai que pensar seriamente en outras cousas. Non abonda con ofrecer aos turistas bóns hoteles, nin abonda tampouco que lles amostremos as belezas incomparabres da nosa paisaxe. Por que imos a ver:

Unha das cousas que mais atraen ao turista é o desexo de conocer a psicoloxía, os costumes, o aspecto folk-lórico dos pobos que visita. ¿Podemos nós ofrecer isto? ¿A vida actual das vilas e do campo galego responden ao que é a natureza galega? ¿Están perfectamente identificados e responden ao mesmo significado social a paisaxe galega e os habitantes de Galicia? Paréenos que non.

Porque aos turistas agradaríalles ollar en preno uso e aitividade os nosos costumes, os nosos cantos, os nosos instrumentos musicás. E naturalmente ao vir agora sentiránse defraudados ao ver aos nosos paisanos ataviados como os d'outras partes, bailando o pasodobre ou fox-trot, cantando o cuplet de moda e tocando o bombardino no salón de baile ou facendo xemir ao detestable acordeón e falando unha xerga indecente nin galega nin castelán. Deleitaríase na contemplación da nosa paixaxe ¿pero que diría das nosas xentes? Diría dúas cousas: Que o trouxemos enganado e que os galegos vivimos divorciados c'a Terra e non merecemos a que a Natureza nos deparou.

Nas vilas poderían admirar as grandezas arquitectónicas e históricas que encerran pero ollarían de contado a indiferencia en que viven respecto a elas e ao caraiter galego os nosos vilegos. E por ser así nós pensamos

que en troques de ganar nada haberíamos de perder moito no concepto dos extranxeiros que acó viñeran arelantes de ollar algo que somentes en Galicia poderían ollar por ser propio e innato d'esta terra.

Compre, ao noso xuicio, meditar n'esto, e denantes de invitar a ninguén a que veña a visitarnos prepararnos antes e amostrarnos a él tal como somos, orixinales, únicos, vestidos c'as nosas propias galas. Distinguimos perfectamente que temos elementos sobrados para elo.

Así pois, parécenos que é millor empezar por ahí e despois de destinados a iso os nosos traballos poida ser que xa non fose necesario o esforzarse moito en facer propaganda.

Para atraer ao turismo é mais necesario e urxente o facer eso que construír bóns hoteles que esos xa os atopa fora de Galicia. E ademais prescindir d'isa ouseción estúpida de que sin Madrid non podemos arranaxarnos os galegos.

Nós pensamos sempre que o fútbol non pode ser outra cousa que un espeitáculo mais. Resulta agora que estase propasando e meténdose en cousas xa mais serias cujas portas hai que lle pechar herméticamente.

Ven esto a conto pol-o espeitáculo tristeiro que acaba de se dar en Vigo no partido «Celta»-«Deportivo», onde tomando por disculpa o fútbol desatáronse as línguas e as obras facendo ouxeto aos excursionistas cruñeses de aldraxes e molestias que nunca teñen disculpa pero menos tratándose de pobos irmáns. E foi agora en Vigo como xa fora outras veces no mesmo sitio e outras mais en outros pobos galegos. E como xa vai sendo un mal maior compre atallal-o a tempo e pensar en impedir a repetición.

Deberan os xornás galegos autuar seria e duramente no asunto mais aquí o mal é que precisamente unha gran parte da culpa do sucedido corresponde aos periódicos. Corresponde a iles por permitir que nas suas páxinas pubriquense traballos instigadores de hostilidade. Dáselle unha desmesurada importancia aos deportes e díse que os equipos de fútbol representan íntegramente aos pobos onde teñen asentado. E non é así. Nin o «Celta» representa a Vigo nin o «Deportivo» a Cruña.

Causa indignación realmente leer cousas como as que leímos estes días na prensa viguesa. Resulta intolerable xa que se chegue a ese extremo. Poida ser que así se vendan mais exemplares pero é que os xornaes deben ser algo mais que empresas mercantís.

O espeitáculo xa bastante repetido vai sendo un síntoma e por eso hai que lle saír o paso. A A NOSA TERRA non lle doen prendas porque non é unha empresa e ademais non é cruñesa, nin viguesa, nin ferrolana. É únicamente galega e por eso pode enfrentarse co problema d'un xeito imparcial e xusto.

Por eso ela chama a todos a concordia e pide solucións. Fagan os xornaes o que lle corresponde, interveñan as autoridades deportistas e oficiais como deben facelo e si hai que suprimil-o fútbol, suprimase. Todo antes de que se volvan a repetir estes feitos que dñ mui pouco en favor da cultura popular e destrúen a irmandade que entre as nosas vilas debe eistir.

Esquemas e Lembranzas

Os días do mes de Nadal fuxen aixiña n'agarda do miragre renovado. Na Navidade o luar compón pazos de pureza c'a neve e c'a xiada. Encimanse liturxicamente no fogar labrego as achas e a garamanta. Baixa dos ceos un infindo consolo. Mais tamén no Nadal noso ecóa ó longo dos séculos un machadazo mortal. Galiza ¿deixarás esquen-cel-a tua concencia hestórea? Éche mais precisa pra vivir que os circottos de turismo e os portos con outillage moderno. Todol-os galegos debían deixarse afundir nos versos de Cabanillas, levados pol-a man de Vilar Ponte. Aquila xiada lousa da Basleca mindoniense, isa voz eterna do pobo. Galegos, non nos paremos na ponte do Pasatempo.

Dín que a morte pol-o frío é unha doce morte. As estrelas polares, as auroras do norte acendéronse belidas no funeral de Amundsen. Con fugas de órgao estralaron os lazos eternos. Non apodrecerá na infinda friaxe o cerebro que sentiu sobre sí a Estrela Polar e a Cruz do Sul. ¿E aquil velliño que morreu cruzando a serra car'a Cadramón? Fai poucos días. Loctan nas vilas os escaparates dos tendeiros e rubía o grado do termómetro burgués da calefacción central. Morreu no seu carriño amado. ¿Que millor cadaleito pra un labrego? Acarón do corpo xiado durmía a nena-Primaveira. Galiza debía erguer a iste velliño, aló na serra, un moimento de pedras de lar.

Hai que traballar, amigos, pol-o Turismo. Quixerades outras cousas, ben o sei, mais... A vida imponse parcialmente. E soilo pol-o Turismo manteráse Compostela sin encetar.

Santo Martiño Dumiense comprendeu ben o ser da Galiza. Pensaba e demostrou con moito tino como o ano debe emprincipiar na

primaveira. Amou a viña e consagrou o druídico. Agora no San Manoel do 1929 pensamos no deber cada ves mais urxente. Antusiasmo e tamén traballo refreusivo. Debíanse lér moito as regras monásticas (a cuaseque nosa do S. Froitoso entr'elas) pra saber aproveitar a hera fuxitiva.

Considerando as variacións dos tempos non se pode por menos de rir, ás veces. Agora na Austria hai un partido de novos que defenden o nazonalismo austriaco. Está ben. Mais paralelamente afirman a misión da marca Austriaca, coma gardadora fronteiriza do latinismo. E choran nas cobas barrocas dos Hapsburgos imperialistas. Non pensan no manto ceibe do filósofo, si-nón na clamide cesárea pra abrigar o mundo, e algús xogan as cartas á maneira de Welternich.

Cando saían os nenos da escola da Irmandade correu unha espranza pol-a Rúa Real e os señores de barba e pérola na cravata, hastra non figuraban tan vellos.

O paisano aseñoritado de Ponteceso non sabía quen foi D. Eduardo Pondal. Sábeo o pinal de Tella i-a onda morrente do Anllons.

Tradocindo ó alemán «O Porco de pé» gozan as verbas amadas por Hoffman e por Heine e por X. P. Richter e son lüstige blätter as follateiras da língua de Nietzsche.

Un señor, queixábase do prezo dos libros galegos. Seica coida que sempre temos que viaxar en terceira.

O mestre, galego il, iña eispricando no auto un curso de Pedagogía, á un crego, un tratante e mais á mín. Levaba escopeta na funda e cán na boca. Ó baixarse no pobo uns neníños fuxiron. «Bate moito» dixeron unhas nais na carretera.

R. OTERO PEDRAYO.

A Academia Gallega

Coidábamnos xa libre de vicios, dos vicios que tantas veces censuramos e connosco moitos galegos intresados pol-as cousas da nosa cultura, á Academia Gallega e pensábamnos xa que non teríamos endexamais necesidade de criticar e menos censurar os seus aitos. Mais pol-o visto estábamos trabucados. Así nol-o demostra a noticia que leímos na prensa de que foi elixido académico numerario e por unanimidade D. Xaime Solá.

Non é a primeira vegada que tamén por motivos de elección d'outros académicos fixémonos esta pregunta. ¿Qué méritos ten ese señor para ser académico da Galega?

Xurde hoxe novamente a pregunta.

Porque nós coidamos que para ser membro da nosa Academia, si ésta ha de ser o que debe ser e pensa reitificar anteriores e funestas autuacións, non reune o señor Solá e coma él outros elixidos, que xa censuramos no seu día, ningún mérito porque ó non son para ese posto honorífico o ter escrito media dúcia de novelas ramplonas nin publicar unha revista cursi e ridícula e menos aínda o será o feito de non ter escrito nada en galego e ter do noso idioma un concepto de cousa arqueolóxica únicamente capaz para versos choróns ou caricaturas porcas como as que publica na súa «Vida Gallega».

¿Pero non pensaron n'esto eses señores académicos que elixiron *por unanimidade* ao señor Solá? E non pense o referido señor que esta protesta nosa é produto de malquerencia pol-as súas inocentes campañas contra o galeguismo na súa revista. Non é por

ahí nin adoite postura de mártir. O mesmo que agora decimos d'él o dixemos antes d'outros e seguramente o teremos aínda que decir de mais, pois fálase xa de que vai ser tamén nomeado, ¿pero será posible? o director da «Voz de Galicia», D. Alejandro Barreiro.

Esta protesta nosa é produto do noso cariño pol-a Academia e da nosa opinión fundamentada e fácilmente razonada de que a Academia debe ser algo máis que unha camarilla de compadres ou unha sociedade de amigos vanidosos. Foi fundada para algo máis serio e elevado e con estas cousas estase falseando o seu verdadeiro espírito. Por eso nós temos que protestar anque de nada valla a nosa protesta ante uns señores desaprensivos que se valen d'un orgaísmo cultural galego que debiera ser o máis serio de todos, para facer polacadas noxentas.

Nós invitamos á opinión sincera de Galicia a que medite si non vai sendo xa demasiado intolerable a aitude dos señores que rixen a Academia galega.

Non pode tolerarse xa por máis tempo e parécenos que a solución vai ser a de decrarase abertamente enemigos d'ela e combatala publicamente xa que a pesar das continuadas advertencias que sempre se lle fixeron sigue obstinada en continuar por camiños de vicio prexudicial para a propia academia e para a verdadeira cultura de Galicia que, decatada xa do que sucede, emprazaráse con acerto fora do seno da Academia.

LERIAS

Na sociedade actual compre ter un título pra poder desempeñar calquer cãrrego por pequeniño que sexa. Ate pra ser porteiro hai que acreditar competencia. Somentes se deixa en liberdade a función máis importante do home. A función de pai. De iste xeito calquer sinvergoña pode chegar a selo, e despois valerse de iste feito pra facer toda clas de falcatruadas. Abonda con que despois de asoballar a un cidadán diga: «defendo o pan dos meus fillos» pra que as xentes de ánimo sensibleiro lle den a razón.

Eu coidaba que o millor dote que se lle

pode deixar a un fillo é un nome honrado e limpo de lixo; mais debo estar trabucado. De seguro que si o Mamede Casanova fora pai de familia non tiña ido á cadea.

O que falou do xugo do matrimonio ceais o fixo lembrándose das parellas de noivos que camiñan pol-as ruas ó xeito dos bois que turrán costa enriba de un carro ben ateigado. Istes, como aquiles, van sempre cos homeiros moi achegadiños e arredadas extremidás inferiores.

N-estás mañás de invernia orballenta, cando a xente vai fuxindo rúa adiante co bico afundido na bufanda ou no embozo da capa, acontece toparse con xentes heróicas que levan o abrigo desbotoado e botan o peito afora. De primeiro coida un que se trata de suicidas, e un arripio percorre todo a corpo; mais logo que un se fixa, ve que o que tal fai é por locir algo: unha condecoración, un distintivo, un peito ben formado. Eu sempre me lembro dos coengos de Sant-Iago co manteo botado ás costas pra amosstrar a roxa cruz da orden de cabaleiría.

I-é que a vanidade é superior ó instinto de conservazón, e fai que homes e mulleres desaffen a friaxe e se expoñan á pulmonía con tal de locir, peito aberto, a bisutería de unha cruz ou a beledeza de un busto perfecto.

BEN-CHO SEY.

CON FERREÑAS E PANDEIRO

Eu son partidario da tesis Colón, galego. Os meus argumentos para sostel-os non serán centíficos; pero teñen mais forza que todas as digresións históricas. Colón naceu en Galizá. Por qué? Damo a min a alma. I-eu sei que a miña alma non ten ningún intrín en meterme na horta. A miña alma nunca me enganhou i eu non podo dubidar que agora me minta. Para min, pois, Colón é galego.

O que me pasa a min pásalle a algúns mais, poucos; pero a maoría non lle pasa nada. Non lles importa o asunto nin pouco nin moito.

Mais a verdade non é dos que a poseemos. É de todos, i a todos hai que lla dar, queiras non queiras, porque a verdade imponse. Imponse ela si non-a impoñemos nosoutros. E da

pena pensar que, o día que a verdade trunfe, tería que ollarnos de esguello, despectivamente, e desbotarnos orgullosa, e lembrrarnos ofendida que non lle dimos ajuda cando lle era mester.

Porque eu teño a certeza íntima de que Colón é galego, e sei ben que este meu postulado non tardará en convertirse nun axioma inconvencional.

A min l-aos que defendemos a tesis Colón, galego, dounos a alma que era así e, para convenceremos aos demais, comezamos a buscar argumentos, razóns e probas. Pol-o de agora, a verdade seja dita, non encontramos mais que indicios. Hai quen coída que os indicios non teñen importancia ningunha; pero vive nun erro. Un indicio pode sere algo e pode sel-o todo. Supoñe de que encontrades indicios de carbón e xurden diamantes. Ja tedes diamantes. Admítide que aparecen indicios de diamantes e só hai carbón. Pois tedes carbón. Qué non hai diamantes nin carbón? Sempre queda o indicio. O indicio ou é unha realidade ou un camiño que sai á algures necesariamente, áchese o que se ache. Pol-o indicio descubre o médico a dolenza, a policía o crime, o can o coello. Pol-o indicio descubriu Colón a América. En todas as descubertas vai por diante o indicio. Quén se arriscará, pol-o tanto, a negare o valor do indicio?

Para descubriros a verdadeira patria de Colón non temos mais vieiro qu'o indicio. E, do que é malo, está aínda a medio andar. Os libros recusados pol-o tribunal que juzgou o concurso do «A B C», non tiñan indicios de abondo para sairen victoriosos. Hai que amosstrar indicios. Eu sei dun e quero facel-o público. Para a súa doada divulgación púxenlo en verso, vencellando o útil co agradable. Ledo:

Que Colón fose nacido
na nobre terra galega
é cousa que de sabida
ja se vai facendo vella,
anque choren e se arañen
as sapientes academias;
mais por si inda oubese algún
que a dubidal-o se atreva,
ahí lle vai unha razón
que demostra en forma injela
que D. Cristobo Colón
descende da raza anterga
d'aquel druida glorioso
onde se enraiza a enjebreza,
i a quen os historiadores
familiarmente nomean,
c'un agarimo que magua,
Tio Marcos da Portela:

Si Colón non fora nado
na doce patria galega,
n'houbera trasposto os mares
p'ra chegare a ignotas terras,
n'unha aventura que abraia,
maríño en tres caravelas.

Eu non sei si en Pontevedra hai caravelas. Hainas na Ulla e na Mahía, que ven a sel-o mesmo. O que importa é que Colón seja galego aínda que o seu berce avalase en Previdiños ou na Choupana.

Teño a seguridade de que este indicio irá a reforzar os numerosos indicios en que se apoia a tesis Colón, galego.

O que teña mais, que os dea. Pol-o rabo da culler vai o gato a ola. I-o rabo da culler é un indicio desasurado. Precísanse indicios firmes como chantos. Veñan indicios.

DAMIL

AXIÑA II Tomo de COUSAS, por Castelao

DA GALIZA RENASCENTE

(Conclusión)

VI

O Jornalismo ten en Galiza e no movemento galeguista, unha importancia que doadamente se comprende. Movemento a un tempo literario e politeco, non é miragre que, como ja levamos visto, todol-os escritores citados sejam a un tempo xornalistas, con algunha excepción que outra. Alguén nol-o botou na cara como un defeito; mais a meu ver, non-o é. Mais ben indica unha arela de adoutrñamento do pobo, e de quereremos facer compartir a todos os bens espirituais.

Alén *Nós* e A NOSA TERRA, téñense publicado en Galiza, mais revistas afectas ao movemento: lembraremos eiquí, no comenzo, o hebdomadario humorístico d'Ourense *O tío Marcos da Portela*, que dirixía Xavier Prado; continuazón do fundado por Valentín Lamas Carvajal; *Rexurdimento*, publicado pol-a Irmandade da Fala de Betanzos, onde se inseriron bós traballos de doutrñña é polémica, e moitos na América.

Entre os xornais, temos dito que en caxe que todós íles hai colaborazón literaria, e ademais temos que engader que hai moitos abertos á propaganda doutrññal. O qual non é dicir naturalmente, que o movemento non seja contradito e hostilizado, e que moitas veces os inimigos non pasen do terreo da

politeca ao da literatura, e non cheguen a atacar a mesma lingua galega.

Craro está tamén que sempre hai algún xornal que se fai mais ou menos decraradamente o órgao do galeguismo no senso integral. Así foron sucesivamente *El Noroeste*, da Cruña, órgao oficial no ano 1917 e seguintes do Regionalismo galego, e dirixido d'aquela por Antón Villar Ponte; *La Zarpa* d'Ourense—o xornal do *leader* agrario Basilio Alvarez, ex-Abade de Beiro—na tempada en que foi seu director Roberto Blanco Torres, tendo entón o xornal un movemento, un interés e unha vida que non volveu ter; *Galicia*, de Vigo, cecais o mais completo e o que millor sostivo a bandeira, dirixido por Valentín Paz Andrade co-a axuda de Blanco Torres; e hoxe, con certas intermitencias, *El Pueblo Gallego*, tamén de Vigo, e órgao tamén agrario, e literariamente dos avanzardistas.

Ademais de Antón Villar Ponte, que é o primeiro nome que debe soar cando de xornalismo galego se trate, xornalista ã moderna, polemista invencible, doutrinario asinado e culto, esprito agudo pra ferir todol-os problemas e sacar do acontecemento diario esencia trascendental, compre que citemos outros dous nomes.

Roberto Blanco Torres esgota nō xornalismo um talento que podía servir tamén pra outras actividades do esprito. É tamén poeta e ensayista. En *El Noroeste* da Cruña, no *Correo Gallego* do Ferrol, na *Zarpa* d'Ourense, en *Galicia* e no *Pueblo Gallego* de Vigo, fixo brillantes campañas, e ademais ten a propiedade de levar aos xornais onde traballa esprito e vida.

Valentín Paz Andrade é tamén um bó prosista galego, e xornalista agudo e arriscado, que fixo de *Galicia* o primeiro dos no-

CADRO BRANCO

A Universidade de Bonn (Alemania) intresándose pol-o renacemento actual da cultura galega invita ao señor Cabeza de León presidente do Seminario de Estudos Galegos de Compostela a dar unhas conferencias encol do tema.

De Portugal, Inglaterra, Irlanda, Francia, Polonia, Italia e outros países extranxeiros recibense a cotío probas de como o renacemento galego intresa fondamente fora das nosas fronteiras.

sos jornais. A aparición de *Galicia* trocou por concreto a imprensa galega. Apesares de haber dous jornais de gran espallamento: a *Voz de Galicia* e o *Faro de Vigo*, o segundo sobretudo de moi boa información, a imprensa galega era unha imprensa provinciana e sen ideas de seu. Anton Villar Ponte refire o caso ridículo do *Correo Gallego*, do Ferrol, que falando un día de non sei que obra teatral, dixo que se abstiña de dar a sua opinión, ata que *os colegas de Madri houberan exposto a sua mais autorizada... Galicia* concruíu co-ista vergoñenta atitude, crebou toda dependenza intelectual, e ergueu un criterio propio, fundamentalmente galego. Igualou en presentazón, en interés e proporcionalmente en tiraxe aos jornais de Madri, redimeu á imprensa galega, e impuxo o seu modelo: todol-os outros jornais tiveron que ir seguindo os vieiros por *Galicia* abertos.

VII

Ja dixemos o estado en que s'atopa o teatro galego. Falaremos agora de autores e de obras.

O mais antigo dos autores dramáticos galegos que hoxe viven é, como xa indicamos, LUGRÍS FREIRE. O teatro de LUGRÍS é fundamentalmente de tendenza social: dramas ruraes en que o peisano loita en vao co-as forzas negras dos esprotadores do pobo, encarnados na figura do *cacique*. O millor drama de LUGRÍS é indiscutibelmente *A Ponte*. É un teatro popular e de éxito, e pertence á nosa literatura revolucionaria, a que nos referimos já ao falarmos de iste autor.

Á mesma tendenza de protesta social responde *O Fidalgo*, drama en verso do zapateiro santiagués Jesús San Luís Romero, a obra de mais éxito do noso teatro. Aquí o *cacique* é un fidalgo, descendente e continuador dos señores feudales, entendido o señor feudal naturalmente con toda a odiosidade que a falla de perspectiva histórica lle asignou na literatura liberal do século pasado. Ademais de que raramente se ten dado o caso de que os verdadeiros fidalgos sejan caciques; o *cacique* adoita ser case sempre un fillo do pobo, de homilde orixe,

e os fidalgos galegos case sempre son dos que os casteláns chaman «*hidalgos de gotera*», que na vida social e politeca importan o que pode importar un peisano calquera. O qual non priva pra que a obra de San Luís seja unha obra de verdadeira forza dramática e doada pra ferir fundamente a sensibilidade do púbrico. Outra obra do mesmo autor é *Rosiña* que con ser millor, non recadou o mesmo trunfo.

Iste teatro social, apesares das intimas relacións que garda na sua entrana co movemento galeguista—o qual ten que ter por forza un matiz agrario e anticaciquil—é anterior ao tempo das Irmandades. O nacionalismo trouxo un teatro mais novo e mais vario, anque moito de il non se levou á escea e ficou sendo, namentras outra geira non chega, teatro pra leer. Ao mesmo tempo, deixou de ser somentes rural. Por iste camiño foron Cabanillas con *A man de santiña*, delicada comedia, mais recomendábele pelo seu estilo literario que pola sua forza teatral; Anton Villar Ponte, Jaime Quintanilla, Leandro Carré Alvarellos, Armando Cotarelo, Farruco Porto Rey, etc.

Antón Villar Ponte, que ja enantes escribira *A Patria do labrego*, drama anticaciquil, e o tamén de tese social *O peso de unha lei*, estreado en Lugo n'un Primeiro de Maio, fixo levar á escea na Cruña un paso granguñolesco titulado *Entre dous abismos*, publicou unha novela dramática representábele: *Almas mortas*, na coleición *Céltiga* do Ferrol, e agora en NÓS n'un tomiño con *A Patria do labrego* e *Entre dous abismos* e escribeu, en colaboración con Cabanillas, a millor obra do teatro galego, *O Mariscal*. *Almas mortas* é tamén unha obra de tese, que presenta o problema espiritual da emigración galega. As *Almas mortas* son

CADRO MOURO

A maior parte da prensa de Galicia, casi toda, vexeta ao marxe da cultura galega e non adica ao seu cultivo ningún intrés. Aínda non adicou nin unhas verbas a comentar os moitos libros galegos que agora estanse publicando e dá labor formidabre que anda a facer o Seminario de Estudos Galegos de Compostela, publica somentes, as notas oficiosas que dos aitos que celebra envialle o Seminario.

os emigrados que volven desgaleguizados, inzado o esprito das falsas ideias d'unha civilización que iles pensan superior, e que non vai alén das mais inferiores exterioridades. O contraste está feito de un geito verdadeiramente impresionante.

Jaime Quintanilla é autor de dúas obras moi fermosas: *Donosiña*, comedia dramática con certa vaguedede simbólica e un primoroso estilo, e *Alén*, comedia d'espiritistas d'un dramatismo que lembra a Maeterlinck. *Alén* leva por lema a estrofe final do *Muráños* de Teixeira de Pascoaes, e en realidade, a saudade é alí o que o fado invisible nas tragedias gregas. A base do asunto foi un acontecemento real ocorrido na Norte América. Quintanilla é un dramaturgo d' alento.

Leandro Carré Alvarellos é un dos mais apricados cultivadores do noso teatro. Dirixiu a editorial *Lar*, e ten escrito moitos contos, artigos e noveliñas curtas, sendo o seu forte os cadros costumeiros da clás meia; é o novelista da mais pequena burguesía. Unha das suas noveliñas, *O home que deu vida a un morto*, é moi original e interesante. No teatro non sempre atinou igual. Ten as seguintes obras: *Tolerías* (pasatempo), *Pra vivir ben de casados* (pasatempo), *Noite de ruada* (comedia en un acto), *Euredos* (comedia en dous actos), *Rexurdimento* (drama nun acto), *A venganza* (cadro trágico nun acto), *O pecado alleo* (drama en tres actos), *A paz do campo* (comedia en dous actos), *Os amores de Xan Quinto* (comedia en dous actos), *O corazón dun pedáneo* (comedia nun acto), *Doña Inocencia* (comedia en dous actos), *Un caso complicado* (comedia en dous actos), *O pago* (drama en tres actos), *O engano* (drama en tres actos), *Pícueiras o gallardo* (sainete) e *Ruínas* (drama) os dous derradeiros en colaboración con Antonio Orozco. O millor é sen dúbida *Rexurdimento*, onde a escea en que a filla detén á nai que vai fugir c'un amante, ten verdadeira forza trágica.

Armando Cotarelo Valledor, profesor da Universidade Compostelán e elegido con Cabanillas pra representar a lingoa galega na Real Academia Española, é un dos que mais teñen feito polo noso teatro. A obra erudita e literaria do sabio mestre, fundador

co-a millor parte da mocidade escolar, do Seminario d'Estudos galegos, novelista, contista, conferenciante, orador, investigador, non é pra facer n-istê artigo. N-outro ha ter o seu lugar. Aquí interésanos o autor dramático que co cadro escolar *Universidade* percorreu trunfalmente co-as suas obras moitos teatros de Galiza. *Trebón*, unha d'elas, é unha farsada dramática de un engado singelo e tenro, c'unha especial frescura e ingenuidade, esceas señorís da vida aldeán, coma tamén *Sinxebra* obra bilingüe, inspirada no simbolismo de un conto de nenos. *Lubicán*, en troques é un drama rural, que sen deixar de ter certa imitanza lonxana con *Terra baixa* de Guimerá, manifesta tamén a influencia de Maeterlink, escritor que, no seu geito anterior a *Monna Vanna*, semella ter unha adaptazón singular á y-alma galega. Dino de nota no Dr. Cotarelo é tamén o verdadeiro virtuosismo filolóxico con que traballa a lingoa, que é nas suas obras extraordinariamente espresiva e rica. Cotarelo é un dos que millor coñecen o galego e que millor partido tiran de il.

Prometín falar de *A fiestra valdeira*, de Rafael Dieste, obra merecente de atenzón. É unha comedia simbolista de un mariñeiro enriquecido cuíos familiares non queren lembrar a sua orixe. A nobreza da y-alma mariñeira aparece heroica: ela é a protagonista da comedia, escrita con verdadeira arte.

O millor drama galego é *O Mariscal*, de Villar Ponte e Cabanillas. Unha edizón feita en 1926, esgotouse por comrepto en dous meses. Estase preparando a segunda, mais aseguran que na América andan vendendo edizóns clandestinas. O poeta hespañol Francisco Villaespesa solicitou autorizazón pra traducila.

E' drama histórico, en versos magnífecos, cecaís imitante aos dramas hespañoles de Eduardo Marquina; mas as evocacións históricas de Marquina non poden ter a quentura de ideal que ten a obra de Cabanillas e de Villar Ponte, porque non teñen a actualidade que esta ten. *O Mariscal* evoca a figura histórico-legendar do Mariscal Pero Pardo de Cela, executado en Mondoñedo por rebelde aos Reis Católicos. A leenda popular

fixo de il un héroe, defensor dos oprimidos e nemigo dos tiranos eclesiásticos e seculares, e os escritores do século pasado erguérono en símbolo da independenza de Galiza contra o poder real. Eis a significazón extraordinaria d'esta figura sobre da que a historia ainda non pudo dicír a última palabra:

«Camiño de ferradura
que levas a Mondoñedo!
Nova rua da Amargura!

Ou vereda de inxustiza
pol-a que sube ó martirio
o redentor da Galiza!

Dalle paso doce e brando,
que tamén él vai doído,
entre saions e sangrando!

Tamén él, todo bondade,
leva ás costas a cruz sagra
d'un sono de liberdade!»

O drama sigue paso a paso a leenda popular. Mais cando Pero Pardo e o seu fillo e Pedro de Miranda están na cadea agardando a morte, aparez unha vella enloitada e magestosa, a Raza, Galiza, venlles ofercer «o mel dos escollidos» na copa do San Graal...:

«Sede dínos de vós e a nosa Terra!
Dios fica para sempre á veira vosal!
Da cadeia que inxusta vos aferra,
en cada anaco nascerá unha rosa!»

Quédanos por falar do teatro cómico, que conta con moitos autores, moitos mais que os serios. O teatro e a literatura cómica en xeral, sole ser antre nós moi ordinaria, frecuentemente groseira, e por veces brutal, sen que falle n-ela emporiso a gracia fina e ainda fonda. Mais aquela circunstanza fai que hoxe seja mal mirada pol-os escritores da renascenza, e áchase en baixa nos nosos días. Non por elo deixa de ter seu interés:

non deixa de ser unha das manifestazós enxebres da nosa literatura, e dina por elo de un estudo mais demorado do que podemos fazer aquí, inda que non fora mais que pol-o seu éxito no públco, proba de que ainda responde aos gustos d'unha grea importante.

Estase facendo unha edizón das obras compretas de Xavier Prado, o millor e mais fino dos nosos autores cómicos do día. Un libro de versos, *A carón do lume*, publicado pol-o ano 1919, manifesta ben o seu talento de costumbrista, de fondo observador da psicología labrega, que presenta en cadros cheos de vida e de gracia benévola e naturalísima. Das suas obras de teatro, mencionaremos, entre as moitas que son, *Estebiño*, cecais a mais graciosa, *Almas sinxelas*, *Na corredoira*, *O cego da Xestosa* (diálogo), *A retirada de Napoleón* (feita pra intercalar moitos cadros de múseca popular). Xavier Prado representa hoxe o humor costumbrista de Lamas Carvajal, e o que poideramos *ruralismo literario*, na sua mais outa forma.

Eugenio Charlón e Manoel Hermida, obreiros ferroláns, teñen cadros escénicos moi divertidos e ben feitos, e de moito sabor, como *Mal de moitos* e *Trato a cegas*, que se teñen posto en escea moitas veces.

Rogelio Riveiro, autor de varios libros humorísticos (*Fuchicadas*, *Novelos e mazarcas*) escribiu en colaboración con Telesforo Sestelo unha comedia un pouco bárbara, anque ben graciosa: *Na casa do ciruxano*, e algunha outra mais.

Veleiquí o cadro sintético das nosas letras no istante presente. Si co-esto eu conseguira esperar en vós a cobiza d'unha mais fonda conecenza de elas, o meu labor ficaría ben pagado. Acollei, siquera a intenzón, co sentimento d'irmandade con que a Galiza renascente olla pra Portugal.

VICENTE RISCO.

COUSAS

Eu non lle desexo mal a ninguén pero a ises galegos que aínda dubidan do rexurdimento galego condenábaos a vivir quince ou vinte anos mais para que tiveran que pasar pol-o trance de se convenceren por sí mesmos.

Sí, rapaces galegos, sí. O fútbol entreten moito e apasiona bastante. ¡Pero si conosciades o pracer que proporciona o traballar pol-a patria! ¡E si soupéades que ben pódense compaxinar as dúas cousas!

Eu quixera que me dixéades si hai hoxe en Galicia algún outro sentimento vivo que non sexa o galeguista.

Unha paradoxa:

Os galegos das vilas adoitan a personificar o verdadeiro home galego no noso labrego. E teñen d'il conceitos trabucados, considéranlo un ser inferior e hasta rínse d'il con risa de parvo madrileño. Emporiso: eses mesmos galegos das vilas adoitan a ter nos beizos esta expresión: *Yo soy tan gallego como el que más.*

Esos hespañoles, sempre patriotas, que teñen apellido extranxeiro ¿non reparáchedes nunca con que fachenda falan d'elo? Fíxádevos. Considéranse superiores e dín orgullosos: *mi apellido es francés* ou *mi abuelo era inglés.*

Separatismo. Unidad de la patria. Idioma español. ¡¡Esos catalanes!!

¿Pero de veras non tendes mais argumentos que eses?

VÍCTOR CASAS.

SAUDADE

I

Estiva a serán... Rosado encaixe
o sol encubre
no benigno ceo...

Todo é dozura... Suave síntese
a brisa latexar
do maino céfiro;
ond'a o rego no enxido valado
as augas marmurar
baixo os Salgueiros;
e n'as ondas, o musgo miudíño,
as follas murchadas
semellan mantelo,
no que as bágoas, que arrinca o dolore
cal brillantes febras
camiñar as vexo.

II

¡Ay... que ás lembranzas do meu espírito
xa non responden
sensibres ecos,
dos que na idade de rosa e de ouro,
da xuventude
nos anos ledos
mentras da sorte según os pasos
cicais xuraron
afeuto eterno
Albre frorido na Primavera
da miña vida
Sentinme cheo,
cando, abundantes de min en torno
crein nas froles
o amor sinxelo.
Chegou o Estío d'adversidades
crisol xigante
dos sentimentos...
¡Das farras tolas pasou a edadel...
unha trás outra
se desprenderon.

III

Cal follas murchas no tibio outono
por vals e montes
espalla o vento,

pra eternamente separar todas
as que n'un mesmo
tronco viviron...
tal, de min lonxe... a vida senten
os que d'a miña
sabía naceron.

Da luz fulxente das ilusiões
sombrió rayo
cae o postreiro;
os que nas horas de louca farra
déronme vida
cos seus alentos,
das desventuras do meu dôr fillas
da miña angustia
sintense alleos.

IV

¡De min coitado!... Frío e nevoso,
cruel, infresible
chega xa o Inverno...
Eu que n'un día cheo abundaba,
¡desamparado
son, sin achegol...
¿Quén nas postreiras crudas xiadas
calor daráme
co amigo seo?...
¿Quén n'esta loita xigante, mágoa,
hacharei ¡triste!
pra min valeiro?...
Mais... si a Dios compre, da miña vida
frío e nevoso
sentir o inverno...
Quero ¡coitado!.., anque sin forzas
loitar fervente
desnudo o peito.
Cando abatido, da loita canso
horfo socumba
no chan incerto...
¡Quero n'angustia da miña sorte
o anxel me atope
¡¡mirand'o ceo!!...

SEIXO REI

Xa apareceu
CANTIGAS E VERBAS AO AR

Poesias por Xulio Sigüenza

O TÍO MANOEL DE CAMPÁ

O tío Manoel de Campá ten mais anos ás costas que días de fame pasou na suã vida, e seica foi un desertor da fartura. Co-as cirolas caídas e os ollos cravados no chán, de xeito que parez sempre com'aquel que perdeu un peso, véx'o pasar total-as mañás camiño da taberna, único traballo que tén desque lle morreu a parenta e tivo a alcurrencia de deixalo por herdeiro, namentras viva da casiña e a horta.

Dous meses no ano sal pol-os pobos do redor pedindo esmola, cuásique sempre pol-as desfolladas, e mozas e mozos enchen n-el com'a un boto; unhas por oubirille os romances do Cand-Olinos e outros por esnaquizarse ríndolle baballadas d'as que gábase téñenlle sucedido n-isas terras de María Santisma. O caso é que, d'unha banda ou da outra, sempre arranxa tallada e volve pr'o seu pendello ben comido, ben bebido e c'unha onza no peto: onza que carto a carto vai deixando na taberna durant'o resto do ano. ¡Verdadeiramente fai vida de calón-dregol!

A mín, maldito cousa de gracia me teñen moitas das suas parvalladas, pro quizaxes á vosoutros vos fagan rir, e ¡aló vai unha!:

Pol-o ano mil oitocentos e piques foi Campá a servir ô Rei, e dempois de tremar de coraxe, como xeneral portugués, no exército que en Africa rexía D. Leopoldo O'Donnell, víu pr'a península i-en troques de seu patriotismo fixérono axente do Fisco, sin que pinta soupera de leído nin escrito.

A soldada era cativa i-entón, com'agora, pra ir turrando da vida, o home tiña que comer e beber; pro com'a xente dera na mala costume de vender hastr'o refugallo do pote e pra mercar, inda que fose un anaco de pan, pedíanlle a un cartos, Campá pasab'a noite esprimind'os miolos pol-a mor do que tiña de comer ô día seguinte, co gallo de non deixar quedar mal ô sabio que dixo: «*Intellectus apretatis discúrribus qui rabiát*».

Así foi como deu no aquel de levar sempre no peto un prego de papel e un tinteiro

de corno co-a sua pruma, que foi como si levase un abono pra xantar en total-as ventas e tabernas de sete légoas ô redor. Desde que soaban as doce badaladas do mediodía, xa estaba Campá ollando pra onde había facel-o magosto. Chegaba á unha taberna preguntaba pol-o amo e pedíalle que lle amosase as matriculas, recibos de trabucos e demais trangalladas, facía como si leera n-eles, atopaba sempre vinte ou trinta faltas, de abondo, cada unha d'elas, pra denunciálo ô Fisco. Logo, tiraba de pruma e tinteiro e, volto de espaldas pr'o taberneiro, *rascaba* no papel unha migalla. Dempois... espreguizábase un pouco, votaba un pitillo, bebía unha xarra de viño e ô remate decíalle ô patrón:

—¡Boeno, ho, boeno; sintolle ben o ter que denunciálo-o...! Poñeranlle unhos trinta ou corenta reás de multa. ¡Pacencia...! Vaya, quede logo con Dios, que xa vai sendo hora de xantar... Pro, inda me pilla lonxe da casa... ¿E vostede non podería facerme unha pouca cousa...? Xamón..., chourizos..., hvos..., jo que vexal

Non fai falla dicir que Campá enchíase ben, lembrándose de que quizaves á noite non atopáse outro parvuliño, e que si se enchía ben era por que de sobras sabía que, chegada a hora de pagar, sempre tiña a mesma resposta.

—¡Ai, señor, vostede eiquí non debe nada; teño eu a vontade de convidálo-o...! Somentes ll'hei pedir unha cousa..., si é que pode sere..., que raxe ise papel que esquirbíu.

¡Mal pocado! Campá non tiña nada que raxar porque non esquirbira pinta... D'iste xeito servíalle o papel pr'outra vez.

ANTÓN GOY DÍAZ

Na Mariña de Foz, en Outono de 1928.

FOLLAS NOVAS

COMO FALAN OS BRAÑEGOS, de
ANTÓN NORIEGA VARELA.

Este libro que imprentou a Editorial «Nós» fai o número dazasete das suas publicacións.

Número que xá constituíe un esforzo grande e unha labor extraordinaria que fai concebir moi ledas espranzas para o rexurdimento da nosa literatura. Decátense d'elo que nes pensan, con ignorancia manifesta, que canto hoxe estase facendo pol-a cultura galega non é unha cousa seria e grande.

Antón Noriega Varela o consagrado poeta montañés recolleu estas locucións, frases, modos adverbíais, refráns, e cantares e adiviñanzas que son unha aportación intresantísima ao coñecemento e desenrolo do idioma galego e do noso folk-lore. Como dí moi ben Otero Pedrayo n'un xuicio que leva o libro «*Noriega invita a seguir o traballo en total-as rexións de Galicia. É de precisión urxente. Cada vello que vai a cova leva consigo un anaco vivente do falar do pobo.*»

Así Noriega quixo nos amosstrar o xeito de falar d'unha comarca galega demostrándonos con elo a grandeza e extensión do idioma galego que n'esta hora de rexurdimento glorioso ten de beber nas fontes fidedignas que o acochan amorosamente. Isto é o libro de Noriega Varela. Unha valiosa e meritória contribución ao coñecemento da nosa língoa.

O libro ademais do intrés que ten pol-o que pretende, ten dobre pol-as verbas e xiros lingüísticos que nos dá a coñecer.

«Como falan os brañegos» é un libro que hai que ter sempre á man pois adepréndese moito n'él. Todos cantos escriben, leen e intrésanse autualmente pol-o rexurdimento do noso idioma.

Noriega Varela conquiere c'a publicación d'este libro un éxito mais que engadir aos conqueridos pol-a sua valiosa labor literaria e a Editorial «Nós» faise acreedora a un novo aprauso que hai que lle rendir ademirados e ledos pol-a enorme e patriótica obra que anda a facer.

Imprenta NÓS, Real 36-1.º, A CRUÑA

ROMANCES GALEGOS

por

E. BLANCO AMOR

A NOSA TERRA

BANCO PASTOR

Casa central: A Cruña, fundada en 1876

Capital suscrito,	17.000.000
Capital desembolsado,	8.500.000

CARBALLIÑO - CARBALLO - O FERROL - A ESTRADA - LUGO - MELIDE - MONDOÑEDO - MONFORTE
MUXÍA - NOIA - OURENSE - ORTIGUEIRA - PADRÓN - PÓBOA DO CARAMIÑAL - PONTEDEUME
RIVADABIA - RIBADEO - SARRIA - TUY - VIGO - VILLALBA E VIVEIRO

ZINCKE HERMANOS

LIBREIRÍA

PAPELEIRÍA

IMPRENTA

Cantón Grande, 21 -- Estrella, 37

A CRUÑA

PAULINO FREIRE
BOUZAS — VIGO

Sucursaes: na Cruña - Ferrol

*Redes d'algodón para tarrafa Aparellos armados e
en panos, para barcos pesqueiros. Malletas de abaca
e cáñamo alquitranado-Cables de aceiros, ingleses
Aceites xenerás e vexetaes, e surtido compreto para
maquinaria e pesca.*

SANTA LUCÍA, 26 e 28

A CRUÑA

A superioridade dos CALZADOS SENRA

Abonda para xustificar a preferencia dos consumidores, mais
o procedere d'unha industria galega,

HONRA DA NOSA REXIÓN

obriga á non gastar outros á cantos sinten amor pol-a sua Terra



Fábrica: Avenida da Granxa -- A CRUÑA

DESPACHOS: Cantón Grande, 15 - A CRUÑA -- Real, 110 - FERROL, - Príncipe, 9 - VIGO

"A NOSA TERRA" recomenda ...

O GALO

por † Lois Amado Carballo 3'00 ptas.

Margarida a da sorriso d'aurora

por Evaristo Correa Calderón 0'50 ptas.

De mín pra vós

por † Ricardo Carballal 1'00 pta.

CONTO DE GUERRA

por Camilo Díaz Baliño 2'00 ptas.

A fiestra valdeira

por Rafael Dieste 2'50 ptas.

ESTEBO

por Xosé Lesta Meis 3'50 ptas.

María Rosa

por Gonzalo López Abente 1'20 ptas.

De Catro a Catro

por Manuel Antonio 1'50 ptas.

Como falan os brañegos

por Antón Noriega Varela 2'00 ptas.

Os Señores da Terra

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

A Maorazga

por Ramón Otero Pedrayo 2'00 ptas.

O Estudante

por Ramón Otero Pedrayo 2'50 ptas.

Dibuxos en Linoleum

por Xaime Prada 2'50 ptas.

À tola de Sobrán

por Francisco Porto Rey 0'80 ptas.

O Bufón d'El Rei

por Vicente Risco 0'80 ptas.

O porco de pé

por Vicente Risco 3'00 ptas.

Cantigas e verbas ao ar

por Xulio Sigüenza 2'00 ptas.

Tríptico Teatral

por Antón Villar Ponte 3'00 ptas.

HISTORIA SINTÉTICA DE GALICIA

por Ramón Villar Ponte 5'00 ptas.

Doctrina Nazionalista

por Ramón Villar Ponte 2'50 ptas.

En breve aparecerá

A LAGARADA

por R. Otero Pedrayo.

(Farsada dramática pra lér)